

**CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL  
E TURISMO**

*Decreto 6/2003, do 2 de xaneiro, polo que se declara o ano 2003 ano de Antón Avilés de Taramancos.*

A Real Academia Galega decidiu dedica-lo Día das Letras Galegas do ano 2003 a Antón Avilés de Taramancos. Preocupado desde moi novo pola lingua galega, foi fundamentalmente e sobre todo poeta, aínda que cultivou outros xéneros como o relato, o ensaio e o teatro.

O poeta nunha primeira etapa crea textos de corte clasicista para articular logo o seu mundo poético arredor dun referente mítico, sobre todo desde a súa experiencia na emigración americana. Con todo, a significación de Antón Avilés de Taramancos non se limita á creación literaria, senón que actuou como un verdadeiro animador cultural a través de múltiples iniciativas destinadas a promover a lingua galega e a cultura de noso.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de xaneiro de dous mil tres,

*DISPOÑO:*

**Artigo 1º**

Declárase o ano 2003 en Galicia ano de Antón Avilés de Taramancos, polo que debe constituír unha obriga para tódolos galegos participar na homenaxe debida a este insigne persoeiro da nosa historia.

**Artigo 2º**

As institucións públicas galegas, os centros de ensino, as bibliotecas, as asociacións e federacións culturais dependentes da Xunta de Galicia dedicarán unha parte da súa actividade a poñer de relevo a obra deste escritor e animador cultural que tanto fixo polas letras galegas.

**Artigo 3º**

Como testemuña da homenaxe a Antón Avilés de Taramancos a Xunta de Galicia cuñará unha medalla conmemorativa de trescentos exemplares numerados.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dous de xaneiro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Jesús Pérez Varela  
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

*Decreto 7/2003, do 9 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro do Sector Audiovisual de Galicia.*

**Exposición de motivos:**

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, na súa disposición adicional primeira prevé que, por decreto do Consello da Xunta de Galicia, se creará o rexistro de empresas, asociacións de profesionais do sector, asociacións de usuarios e grupos operadores con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este rexistro concíbese como un instrumento necesario e útil que permita obter información sobre a situación e evolución do sector audiovisual nas súas máis variadas manifestacións de cara a articular unha adecuada política de fomento que potencie o avance do sector.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e logo de deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día nove de xaneiro de dous mil tres,

*DISPOÑO:*

**Artigo 1º.-Rexistro do Sector Audiovisual de Galicia.**

1. Créase o Rexistro do Sector Audiovisual de Galicia, de carácter público e adscrito á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dependerá da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, que será a encargada da súa organización, mantemento e custodia.

2. Para os efectos desde decreto, están comprendidos no sector audiovisual as empresas, asociacións profesionais, asociacións de usuarios e grupos operadores que desenvolvan a súa actividade no dito sector e con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 2º.-Inscrición.**

Poderá inscribirse neste rexistro toda persoa, física ou xurídica, a que se refire o artigo 1º.2, que realice unha actividade encadrada nalgunha das seccións do rexistro referidas no artigo 3º.

**Artigo 3º.-Organización do rexistro.**

O rexistro organízase nas seguintes seccións, referidas ó sector audiovisual:

- a) Producción.
- b) Distribución.
- c) Exhibición cinematográfica.
- d) Dobraxe.
- e) Asociacións de profesionais do sector.
- f) Asociacións de usuarios.
- g) Grupos operadores.

Artigo 4º.-Inscricións, modificacións e cancelacións.

As inscricións, modificacións e cancelacións efectuaranse polo procedemento que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5º.-Carácter da inscrición.

A inscrición na sección que corresponda do rexistro terá carácter preceptivo para a obtención de licencias, autorizacións, créditos, axudas, subvencións e outros estímulos en materia do sector audiovisual da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposición derogatoria*

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a este decreto.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo para a execución, desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, nove de xaneiro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Jesús Pérez Varela  
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

*Decreto 365/2002, do 19 de decembro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e interese social e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola ampliación do depósito de lamas vermellas da factoría de Alúmina Española, S.A. en San Cibrao-Xove (Lugo).*

Con data do 29 de maio de 2002, *Alúmina Española, S.A.* solicitou a declaración de utilidade pública e interese social da ampliación do depósito de lamas vermellas propiedade da sociedade na factoría de San Cibrao-Xove (Lugo), a iniciación e tramitación do expediente de expropiación pola vía de urxente ocupación, de acordo co previsto na vixente Lei de expropiación forzosa e o seu regulamento, e a declaración da sociedade como beneficiaria da expropiación solicitada.

O proxecto de ampliación foi aprobado por resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental desta consellería, pola que se autoriza a empresa *Alúmina Española, S.A.* para a realización

de actividades de eliminación de residuos non perigosos que non teñan a consideración de urbanos ou municipais consistente na explotación dun vertedoiro.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e relacionados no proxecto presentado e foron sometidos ó trámite de información pública por un período de 20 días, a través da Resolución do 10 de xullo de 2002, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (DOG nº 142, do 10 de xullo), publicándose tamén no BOP de Lugo nº 177, do 3 de agosto e no xornal *El Progreso de Lugo* de data 26 de xullo de 2002, co fin de que os propietarios que figuraban como persoas ou entidades que se consideren afectadas, puidesen por escrito emenda-los posibles erros padecidos na relación de bens ou face-las alegacións que consideren pertinentes.

*Alúmina Española, S.A.* razoa a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados no feito de que ó ritmo actual da vertedura de lamas que se está producindo no encoro (aproximadamente 800.000 metros cúbicos anuais, o que equivale a uns dous metros anuais de suba de nivel) a partir do ano 2003 a lama comezará a alcanza-las parcelas estremeiras.

O devandito ritmo de vertedura da lama vermella é a consecuencia necesaria da normal actividade productiva de *Alúmina Española, S.A.*, xa que o produto resultante desta actividade, a alúmina, xera o residuo indicado. A solución proposta non é temporal nin parcial, tenta dar unha solución conxunta de futuro, que permita a ampliación do encoro coa incorporación das necesarias medidas de seguranza que esixe a normativa vixente.

Destaca que no proxecto presentado de recrecemento do depósito de barros vermellos ata a cota 85, a capacidade máxima do encoro non supera a cota 85, pero prevese unha serie de obras auxiliares que precisan contar con terreos por riba desa cota para dota-las instalacións da necesaria seguranza e permiti-la correcta explotación do encoro: canal perimetral, pista perimetral, recrecementsos de cola e restitución da estrada Lago-Morás e demais obras auxiliares.

Por tanto, tendo en consideración que o artigo 12 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, declara de utilidade pública e interese social para os efectos de expropiación forzosa o establecemento ou ampliación de instalacións de almacenamento, valorización de residuos e que o artigo 15 da Lei de expropiación forzosa permite incluír entre os bens de necesaria ocupación os que sexan indispensables para as previsibles ampliacións da obra ou finalidade de que se trate, en virtude do exposto e en aplicación do artigo 28 do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co artigo 12 da devandita Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e logo de deliberación